

PROPOSTA COMISIÓN INFORMATIVA / PLENO

EXPEDIENTE: Aprobación da participación no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos POS+ 2018)

Vistos os seguintes antecedentes que constan no expediente:

Vista a aprobación das bases reguladoras o Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos POS+ 2018), publicadas no BOP nº 188 do 03/10/2017, recibida circular coa mesma data, a través da plataforma SUBTELL, mediante a que se lle comunica ao Concello de Betanzos a asignación da cantidade de 742.143,42 €, distribuídos en tres apartados: achega provincial 2018, achega provincial 2017 e préstamo provincial 2018.

Vistos os distintos informes técnicos que constan no expediente sobre os proxectos de obra e as autorizacións sectoriais, e o informe de secretaría de data 13/12/2017.

De conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, e no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais.

Ao abeiro da atribución que lle concede á Alcaldía o artigo 21.1. da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local, e o réxime de atribucións plenarios do artigo 22.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local.

O Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa permanente correspondente, adopta o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos POS+ 2018) da Deputación Provincial da Coruña cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2018”, “achega provincial 2017” e “préstamo provincial 2018”:

A) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2018		Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total	
1.Mellora da urbanización e servizos da praza Paio Formoso e rúa Marina ata a rúa Manuel Naveira	190.990,43	46.173,03	237.163,46	
2.Adecuación e mellora do patrimonio: Liceo, centro cultural Sto Domingo, cine Alfonsetti, lavadoiro público e local social de Castro.	67.783,26	17.077,05	84.860,31	
Subtotal investimentos achega provincial 2018	258.773,69	63.250,08	322.023,77	
ACHEGA PROVINCIAL 2017		Financiamento do investimento		
(Investimentos financeiramente sostibles)	Deputación	Concello	Orzamento total	
Denominación da obra ou subministración				
1.Mellora da urbanización e servizos das rúas Alcalde Beccaría, Tomás Dapena e Avda de Castilla	138.468,86	13.433,2	151.902,06	
2.Mellora de instalacións deportivas:				

Pistas polideportivas de As Minas, O Sapeiro, O Xuncaliño e Guiliade	115.422,31	7.693,92	123.116,23
Subtotal investimentos achega provincial 2017	253.891,17	21.127,12	275.018,29

PRÉSTAMO PROVINCIAL 2018 Denominación da obra ou subministración	Financiamento do investimento		
	Préstamo Deputación	Achega Concello	Orzamento total
Reparación e mantemento da pasarela metálica do parque do Pasatempo.1ª fase	229.478,56	31.558,58	261.037,14
Subtotal investimentos préstamo provincial 2018	229.478,56	31.558,58	261.037,14

Aprobar os proxectos das obras incluídos no POS+ 2018 e que se relacionan nestas táboas.

B) Resumo:

	SUBTOTALS	Deputación	Concello	Total
INVESTIMENTOS	Achega 2018	258.773,69	63.250,08	322.023,77
	Achega 2017	253.891,17	21.127,12	275.018,29
	Préstamo 2018	229.478,56	31.558,58	
	261.037,14			
TOTAL		742.143,42	115.935,78	858.079.2

SEGUNDO.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2018 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas.

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 20% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
Mellora pavimentación e servizos na rúa Castelao	146.457,27
Mellora pavimento da rúa Cocepción Arenal	79.406,08
Instalación sistema de control tráfico mediante lector de matrícula	36.788,5
Mellora da pavimentación e da seguridade rúas Requián e Piadela	135.004,95
Subministro material reposición instalacións alumbrado público exterior	90.078,25
Mellora pav e seguridade en Castro, A peada, c/instiuto Fco Aguiar	146.682,7
Reparación e mantemento da pasarela metálica de Infesta	66.786,07
Pavimentación asfáltica de vías públicas municipais nas parroquias de Tiobre, Pontellas, Piadela e Requián	194.212,56
TOTAIS	895.416,38

TERCEIRO.- Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que solicitará as concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

CUARTO.- Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2018 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2018.

QUINTO.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

SEXTO.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

SETIMO.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

OITAVO.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

O alcalde
José Ramón García Vázquez